

	 <p>Amigos da Terra</p>		amigosdaterra.net
--	--	--	-------------------

Amigos da Terra

Rúa Velázquez Moreno, 9 - 2º 36202 Vigo (Pontevedra)

Teléfono: [34] 986 229 089

e-mail: info@ascorcerizas.com

XEOBIOLOXÍA E BIOCONSTRUCCIÓN

A **Bioconstrucción** entende unha relación de **saúde e harmonía entre a vivenda e as persoas**, respetando o medio e incorporando sistemas eficientes e aforradores de enerxía.

Neste curso preténdese mostrar a importancia de ter en conta varios aspectos dende o momento de plantexar o edificio, elixir o lugar integrando, ademais da orientación, unha serie de factores de risco que poderían afectar á saúde das persoas que habiten o lugar. Unha axeitada **prospección da xeobiología** do terreo daranos información sobre posibles alteracións como venas de auga, fallas, redes telúricas, radiofrecuencias artificiais de telefonía e antenas, radioactividade natural, etc.; permitindo replantexar o posicionamento da edificación no seu lugar óptimo segundo a súa finalidade (vivenda, almacén, estudio).

Faremos un **estudo de Biohabitabilidade** para recoñecer os materiais construtivos, elementos e químicos non aptos; e elaborar paralelamente unha idealización e construción cos materiais axeitados aos **criterios da Bioconstrucción**: cal, arxilas, madeiras, pinturas orgánicas, etc. O uso e manutención dunha edificación bioconstruída, produtos químicos, solventes, cloruros, etc. e a súa vinculación coa saúde.

CONTIDOS E HORARIOS

Sábado 8 de novembro:

10.00h. Recepción

10.30h. Bioconstrucción: pasado, presente, futuro e a súa relación coa Xeobiología

- Prospección da Xeobiología do Terreo, analizando as enerxías do lugar, augas, fallas, redes telúricas e radiofrecuencias artificiais, niveles bióticos, radioactividade, na busca do lugar óptimo para “ a finalidade do edificio “ (vivenda, almacén de gran, estudo, etc.)
- Creación dun mandala solar vinculando a xeometría do módulo do lugar
- Replanteo mediante cordas para o posicionamento da edificación
- Idealización e construción cos materiais axeitados aos criterios da Bioconstrucción: cal, arxila, madeira, pinturas orgánicas, etc.

12.15h. Descanso

12.30h. Espazo para consultas e preguntas

13.30h. Tempo de lecer

14.00h. Xantar

15.30h. Xeobiología do hábitat. Un estudo de biohabitabilidade

Materiais construtivos e radiofrecuencias. Bioloxía do hábitat

- Altas frecuencias (asociadas a telefonía móbil, wiffi, etc)
- Baixas Frecuencias (campos eléctricos e campos magnéticos)
- Radioactividade
- Son
- Luz
- Químicos nos materiais de construción e a súa relación coa bioloxía humana

*amigos da terra forma parte de amigos de la tierra internacional [foei], unha federación de organizacións de todo o mundo activas en campañas para protexer o medio ambiente e crear sociedades sostibles
amigos da terra figura no rexistro central de asociacións co número 84/98*



18.30h. Descanso

19.00h. Visita ás instalacións: bioconstrución e produción eléctrica con fontes renovables

20.30h. Tempo lecer

21.30h. Cea

Domingo 9 de outubro:

09.15h. Almorzo

10.00h. Exposición de casos prácticos entre a bioconstrución e a xeobioloxía do lugar

11.45h. Descanso

12.00h. Exposición de casos prácticos entre a bioconstrución e a xeobioloxía do lugar

13.30h. Tempo de lecer

14.00h. Xantar

15.30h. Uso e manutención dunha edificación bioconstruída, produtos químicos, solventes, cloruros, etc. e a súa vinculación coa saúde

16.30h. Espazo para consultas e preguntas

17.30h. Avaliación e despedida

FORMADOR:

Xulio Fernández Pazó traballa no eido da edificación de vivendas, vinculado coa saúde, e formándose de xeito continuo dende hai máis de 15 anos. Nos seus comezos xa tivo interese nos aspectos teóricos da **Xeobioloxía e Bioconstrución**, temas aos que adicou o seu proxecto de fin de carreira de **Arquitectura Técnica** na Universidade de A Coruña. Co desenvolvemento profesional foi cobrando un peso práctico, que lle permite hoxe en día levar a cabo proxectos de Bioconstrución con recoñecida solvencia técnica, e onde continúa con ilusión de ir aprendendo día a día. Completando posteriormente a súa formación académica estudando **Inxeñería da Edificación** na Universidade Camilo José Cela en Madrid.

Formado na xeobioloxía do hábitat na **Asociación de Estudos Xeobiolóxicos G.E.A.**, orientou os seus proxectos actuais neste eido: www.bioconstruir.es

Actualmente é **presidente fundador da asociación Espiga para a Bioconstrución**, encargada da difusión e cohesión da Bioconstrución en Galicia, formando, aprendendo e compartindo coñecemento que nos permita disfrutar de espazos saudables para o ser humano: espigabioconstrucion.org

DESTINATARIAS DA FORMACIÓN:

O curso está **dirixido ao público en xeral**, calquera persoa interesada na mellora da calidade da súa vivenda e da sostibilidade; **especialmente dirixido a** autoconstrutores/as, estudantes e profesionais da construción e bioconstrución, arquitectura, urbanismo, enxeñería, xestión do territorio, arqueoloxía, etc.

TARIFAS E INSCRICIÓN

Para inscribirte envía a ficha cuberta a info@ascorcerizas.com, elexindo a túa opción.

Data límite de inscrición: ata o 5 de novembro

- **Matrícula:** 70 €
- **Aloxamento:** 15 €
- **Manutención:** 40 € (inclúe 1 pensión completa máis un xantar; alimentación ecolóxica e local, na medida do posible)
- **Prezo global para socias/os de Amigos da Terra:** 120 €

